



(SECRETARÍA)  
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

<b>ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 5 DE XUÑO DE 2014</b>	
<b>LUGAR:</b> CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA	
<b>TIPO DE SESIÓN:</b> ORDINARIA	<b>CONVOCATORIA:</b> PRIMEIRA

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS  
Alcalde-Presidente  
D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO  
Concelleiro  
DNA. AMALIA GOLDAR CORA  
Concelleira  
D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA  
Concelleiro  
D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA  
Concelleira  
D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN  
Concelleiro  
D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR  
Concelleiro  
DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA  
Concelleira  
D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS  
Concelleiro  
DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE  
Concelleira  
D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS  
Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ  
Concelleiro  
DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES  
Concelleira  
D. MANUEL OTERO ESPIÑO  
Concelleiro  
D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO  
Concelleiro  
DNA. M<sup>a</sup> MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE  
Concelleira  
DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS

Concelleira  
DNA. ANA ASOREY BREA  
Concelleira  
D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ  
Concelleiro  
D. JOSÉ ANTONIO DURO DE LA FUETE  
Concelleiro

SECRETARIA EN FUNCIONS

DNA. M<sup>a</sup> JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

FALTAN Á SESIÓN

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS  
concelleiro do BNG

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta minutos do día cinco de xuño dous mil catorce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria en funcións.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

**ORDE DO DÍA**

\*\*\*\*\*

**A) PARTE RESOLUTORIA**

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 8 DE MAIO DE 2014.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA E URGENTE CELEBRADA O 21 DE MAIO DE 2014.

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 26 DE MAIO DE 2014.

**B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN**

4º.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA N<sup>o</sup> 529/2014, DE 7 DE MAIO, POLA QUE SE APROBA A LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL 2013.

5º.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN SESIÓN DO 26 DE MAIO DE 2014, RELATIVO Á CORRECCIÓN DO ACORDO ACADADO NA SESIÓN DO 31-03-2014, POLO QUE SE SOLICITA Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR A TRANSFERENCIA FINALISTA PARA O CONFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL REGULADORA NO DECRETO 99/2012.

6º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 30 DE ABRIL DE 2014.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.

\*\*\*\*\*

## A) PARTE RESOLUTORIA

### 1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 8 DE MAIO DE 2014.

**Sr. Alcalde.-** Boa tarde i benvidos á sesión ordinaria correspondente ao mes de xuño. A orde do día é a seguinte, a primeira parte é a parte resolutoria que é a aprobación, punto primeiro é a aprobación se procede da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o 8 de maio de 2014, ¿non sei se hai algunha alegación, algunha cuestión á acta? Pois apróbbase por unanimidade.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno **ACORDA**, por unanimidade:

Aprobar a acta da sesión plenaria celebrada o día 8 de maio de 2014, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

### 2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA E URGENTE CELEBRADA O 21 DE MAIO DE 2014.

**Sr. Alcalde.-** O punto número dous é a aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión extraordinaria e urgente celebrada o 21 de maio de 2014. Ten a palabra señora Louzao.

**Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.-** Vamos a ver, na acta da sesión plenaria do día 21, é o Pleno que houbo que suspender por falta de cuórum neceserío para aprobar a urxencia, non se recolle o que realmente sucedeu nese pleno. Se transcribe pero falta precisamente a parte na que se vota i na parte na que bueno, pois a continuación houbo un inicio dunha exposición i polo tanto non se reflexa exactamente como está, de feito aparece palabras do señor Alcalde "queda suficientemente motivada a urxencia, procedemos á súa votación", non aparece nin resultado de votación, nin intervención seguinte, nin nada, aparece acto seguido "bueno antes de continuar o debate a Secretaria informa..." i se corta. Pedimos por favor que se recolla...pero houbo unha intervención do señor portavoz do grupo de goberno que non se recolle, entón nos gustaría que se recolla tal i como sucedeu ese día.

**Sr. Alcalde.-** Ten a palabra señora Secretaria.

**Sra. Secretaria Xeral en funcións.-** Non hai ningún problema en recollelo porque está gravado, entendeuse como xa non formaba parte do acordo porque non iba a terse en conta dado...tendo en conta que xa a votación non permitía ese debate, de todos os xeitos...

**Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.-** Gracias pola súa aclaración señora Secretaria, pero coincidirá conmigo efectivamente que esa aclaración se produciu avanzado xa o inicio de exposición de outra moción, i que polo tanto o sentido nò que se recolle aquí pois non é exactamente o que sucedeu. Pedimos que se recolla o que sucedeu nese pleno.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, moitas gracias pola súa aclaración. Con esa incorporación i aclaración sobre o acontecido i a suspensión do pleno posterior á súa votación pasamos a votar esta acta. ¿Votos en contra? ¿Abstencións? ¿Votos a favor? Apróbbase.

Dada conta da acta correspondente á sesión extraordinaria e urxente celebrada o 21 de maio de 2014, pola Concelleira do PsdeG-PSOE, Dna. Belén Louzado Vieites, solicítase que se inclúa a intervención realizada polo Concelleiro do Partido Popular, D. Alberto Blanco Carracedo, e que non estaba recollida por motivos de que esta foi posterior á votación da urxencia da sesión, onde non se alcanza a maioría absoluta para a súa aprobación, quedando suspendida á sesión nese momento.

Sen embargo, sometido o asunto a votación, o Concello Pleno **ACORDA**, por unanimidade, aprobar a nomeada Acta previa corrección da mesma mediante o recolleto na mesma a intervención do concelleiro D. Alberto Blanco Carracedo, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

**3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 26 DE MAIO DE 2014.**

**Sr. Alcalde.-** E o punto número tres é aprobación se procede da acta correspondente á sesión extraordinaria celebrada o 26 de maio de 2014. ¿Non sei se hai algunha alegación á acta? Pois procedemos á súa aprobación.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno **ACORDA**, por unanimidade:

Aprobar a acta da sesión plenaria celebrada o día 26 de maio de 2014, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

\*\*\*\*\*

**Sr. Alcalde.-** Dentro do que é a parte de Xestión e Control, o punto número cuarto é dación de conta resolución de alcaldía 529/2014 de 7 de maio, polo que se aproba a liquidación do orzamento municipal 2013.

(interrumpe) **Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.-** Alcalde, perdón, ¿as mocions de urxencia non se incorporan antes da dación de contas?

**Sr. Alcalde.-** Sí, perdón, sí, ten vostede razón. Antes de pasar á parte de control polo tanto ¿non sei se hai algunha moción de urxencia? Moi ben, pois ten vostede a palabra señora Louzao.

**FÓRA DA ORDE DO DÍA**

**A) MOCIÓN DO PSdeG-PSOE RELATIVA RELATIVA Á ELABORACIÓN DUN PRONUNCIAMENTO CONXUNTO COS CONCELLOS DE FORCAREI E CERDEDO E REPRESENTANTES DE PROCURADORES E AVOGADOS PARA A DEFENSA DO PARTIDO XUDICIAL DA ESTRADA**

**Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.-** Ben, efectivamente nos gustaría presentar unha moción por urxencia, unha moción dun asunto que xa é coñecido por esta Corporación pero no que previsiblemente o vindeiro día 12 xoves se producirá unha modificación ao respecto. Está anunciado que o día 12 o Consello Xeral do Poder Xudicial efectuará o seu ditame en relación á supresión dos partidos xudiciais. Como todos coñecemos nesta Corporación xa esta proposta desaparición do partido xudicial, neste caso o que nos ocupa da Estrada. Polo tanto, entendemos que é urxente facer toda a forza que se poida na defensa deste partido xudicial, igual que, como digo, están facendo tamén noutros partidos xudiciais. Por eso propoñemos

por urxencia, ante este novo avance que se vai a producir na tramitación desta Lei, que todos rechazamos nesta corporación municipal, pedimos tramitar unha moción ao respecto para trasladar ao Consello Xeral do Poder Xudicial, por urxencia tamén, un acordo de toda a Corporación na que nos sentemos coas Corporacións que forman parte do partido xudicial i fagamos un pronunciamento conxunto os tres Concellos que formamos parte deste partido xudicial que corre risco de desaparecer. Como digo, o vindeiro día 12 previsiblemente, polas informacións coas que contamos, se levará adiante este informe do Consello do Poder Xudicial, por eso, como digo, pedimos trasladar i aprobar por urxencia esta moción na que acordemos sentarnos coas Corporacións, con representantes das Corporacións de Forcarei e Cerdedo, facer un pronunciamento conxunto i presentalo, i sentarnos tamén con representantes dos avogados i dos procuradores para facer toda a forza posible neste último esforzo, para intentar salvar o partido xudicial da Estrada.

**Sr. Alcalde.-** Bueno, creo que esa cuestión xa foi debatida en máis de tres ocasións nesta sesión, na sesión plenaria, creo que ademais así foi remitido ás distintas Corporacións que forman parte do partido xudicial da Estrada en máis dunha ocasión, i creo que por reiterado creo que non queda xa máis facelo, creo que xa está suficientemente claro cal é o noso posicionamento, sigamos defendendo a nosa con toda intensidade que poidamos a cuestión do partido xudicial. Temos eu creo que certa, de momento certa tranquilidade que serán as Comunidades Autónomas as que apliquen ou as que fagan o desenrolo desa reforma da planta xudicial, i polo tanto, ademais, xa hai declaracións públicas por parte do propio Conselleiro de Presidencia que entende que o partido xudicial da Estrada i o de Lalín non corren perigo i, polo tanto, dependendo da modificación que se vai a facer, nós sempre dixemos que os servicios, tal e como estaban plantexados na actualidade, parte dos servicios públicos hai que reformularlos e hai que reordenalos, non estamos en contra da reordenación ou da reformulación o que si estamos en contra é da súa desaparición. O dixemos claro, alto, en máis de tres ocasións ou catro, xa non recordo máis, e creo que o noso posicionamento non ten sentido que estemos todos os Plenos reiterando a mesma cuestión, xa por aburrimiento ¿non? Creo que quedou perfectamente clara a cuestión e faremos toda a forza posible na que esté nas nosas mans para seguir defendendo este tema que eu creo que é lexítimo i creo que ademais é de xusticia ¿non?

**Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.-** Ben, como vostede di, efectivamente, i eu xa comecei dicindo na miña intervención, este é un tema xa coñecido pola Corporación, i efectivamente o tratamos varias veces, i sempre a proposta deste grupo municipal. Pero queremos dar un paso máis alá, un paso que, dende logo, pensamos que refrenda a forza que poidamos facer como partido xudicial, i ese paso é reunirnos cos Concellos de Forcarei e Cerdedo, con representantes das súas corporacións, posto que entendemos que a urxencia do ditame futuro do próximo día 12 do Consello do Poder Xudicial fai imposible que poidamos esperar a que se teña, a que se celebren Plenos no Concello de Forcarei i de Cerdedo. Por eso pedimos unha reunión i é a nosa moción neste Pleno de hoxe facer, sentarnos con esta, cos membros da Corporación do partido xudicial, os tres Concellos, con procuradores i avogados i facer un ditame conxunto, unha moción conxunta que remitamos para ter todo o peso posible. E xa sei, como dicía, que os socialistas troixemos esa moción i que se aprobou nesta Corporación por unanimidade, i a Xunta seguramente o sabe aínda que no seu informe as conclusións que sacan non son determinantes. Por outro lado tamén contamos cun informe da fiscalía na que se propón a supresión do partido xudicial da Estrada, por eso cremos que toda a forza que se poida facer, todo o

esfuerzo que se poida facer para defender o partido xudicial da Estrada na que non estamos sós os da Estrada senón tamén con Forcarei e Cerdedo, é un pronunciamento conxunto pode refrendar i apoiar a defensa deste partido xudicial. Por iso, a pesar de que sempre foron declaracións soamente da Corporación municipal da Estrada, o que propoñemos nesta ocasión os socialistas é un paso máis alá, i é chegar a un acordo de facer esta xuntanza i tirar para adiante con este acordo con todas as Corporacións que formamos parte do partido xudicial, procuradores i avogados.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, pois que non sexa por enésima vez que seguimos con esta cuestión, que non vaia a ser que este acordo non leve a que o partido xudicial da Estrada non se mantefia, así que non será polo esforzo que non faga este goberno en intentar manter esa situación millorada, si cabe, en relación á situación actual. Así que procedemos a votar a urxencia ¿votos a favor da urxencia? Apróbase por unanimidade ¿non sei si quere entrar vostede no fondo da cuestión? Ten vostede a palabra.

Sometida a urxencia da asunto a votación, esta é aprobada por unanimidade.

**Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.-** O acordo que queremos propoñer é acordar convocar aos Concellos de Forcarei e Cerdedo, representantes dos distintos grupos que forman parte destas Corporacións, plantexar un acordo neste sentido no que acabo de manifestar na defensa da urxencia i convocar tamén a representantes de procuradores i avogados para facer este pronunciamento conxunto. Evidentemente sería facelo con urxencia posto que, como dicimos, pretendemos remitilo ao Consello do Poder Xudicial antes de que faga público o seu ditame, así como novamente de xeito conxunto ao Ministerio i á Xunta de Galicia.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, pois procedemos a votar esta moción ¿votos en contra? ¿Abstencións? ¿Votos a favor? Apróbase por unanimidade. ¿Algunha outra moción de urxencia? Ten a palabra señor Blanco.

Sometida Moción a votación adóptase, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**

Convocar aos Concellos de Forcarei e Cerdedo e aos representantes de procuradores i avogados para facer un pronunciamento conxunto co fin de evitar a eliminación do Partido Xudicial da Estrada con motivo da entrada en vigor o vindeiro día 12 de xuño do ditame do Consello Xeral do Poder Xudicial polo que se propón a supresión de partidos xudiciais, e facelo chegar ao Consello do Poder Xudicial antes de que éste faga público o seu ditame.

Así mesmo dar traslado dese Acordo conxunto á Xunta de Galicia.

## **B) MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR RELATIVA AO APOIO DA INSTITUCIÓN DA COROA DE ESPAÑA.**

**Sr. Alberto Blanco do PP.-** Ben, como consecuencia dos recentes acontecementos en relación ca abdicación do Rei de España e a próxima proclamación o próximo día 18 do Príncipe como Rei, deseamos presentar un apoio, unha moción en apoio da Coroa Española e pasamos copia ¿sí? Pois o motivo presentámola como urgente.

**Sr. Alcalde.-** ¿Algunha cuestión en relación á urxencia? De momento a urxencia, despois xa entrarán no fondo da cuestión. Moi ben, ¿votos a favor? Apróbase a urxencia por unanimidade. Pasa a dar

conta do contido da moción o concelleiro e portavoz don Alberto Blanco.

Sometida a urxencia da asunto a votación, esta é aprobada por unanimidade.

**Sr. Alberto Blanco do PP.-** A Constitución Española designou ao Rei de España como símbolo da unidade e permanencia, perdón, de España, árbitro moderador dos poderes do Estado e máximo representante da nación española. Durante os últimos 39 anos o Rei desempeñou as súas altas funcións constitucionais de forma decidida e entregada, tanto dentro das súas fronteiras como no ámbito internacional, contribuindo de forma decisiva a que España sexa un actor importante e respectado no concerto das nacións. Esta laboura non sempre foi sinxela, nos momentos nos que o novo marco de convivencia estivo en perigo a intervención do Rei i os servicios españois e da democracia foi decisiva, asegurando as bases de liberdade e concordia sobre as que se construíu o novo estado social e democrático de dereito. Dende a proclamación como Rei de Don Juan Carlos sempre quixo ser, e de feito foi, o Rei de todos os españois, sin o seu impulso e liderazgo a transición non tería sido posible e, gracias a boa medida á súa contribución, España é hoxe un estado de dereito modelo e democrático logrando altas, perdón, cotas de benestar social. E por iso esta Corporación municipal quere aprobar a seguinte moción, expresamos publicamente a nosa lealdade a efecto de gratitude ás súas maxestades los Reyes don Juan Carlos e doña Sofía pola súa entrega e dedicación a España e aos españois durante o seu reinado. Manifestamos o noso apoio á institución da coroa de España, ao actual Rei de España i ao futuro Rei don Felipe VI como garante da diversidade unidade de España. Apoiamos a proclamación de don Felipe VI como Rei dos españois. Dar traslado desta moción á Casa Real i ás Cortes Xerais, a Estrada 4 de xuño de 2014.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, moitas gracias señor Blanco ¿algunha intervención? Pois procedemos entonces á votación desta moción ¿votos en contra? ¿Abstencións? ¿Votos a favor? Apróbese esta moción de urxencia.

Sometida Moción a votación adóptase, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**

Visto que a Constitución española designou ao Rei como símbolo da unidade e permanencia de España, árbitro e moderador dos pderes do Estado e máximo representante da nación española.

Visto que, durante os últimos trinta e nove anos, o Rei desempeñou as súas altas funcións constitucionais de forma decidida e entregada, tanto dentro das nosas fronteiras como no ámbito internacional, contribuindo de forma decisiva a que España sexa un actor importante e respectado no concerto das nacións.

Visto que esta labor non sempre foi sinxela, xa que, nos momentos nos que o novo marco de convivencia estivo en perigo, a intervención do Rei ao servizo dos españois e da democracia foi decisiva, asegurando as bases de liberdade e concordia sobre as que se construíu o novo Estado social e democrático de dereito.

Visto que, dende a proclamación de D. Juan Carlos como Rei, sempre quixo este ser, e de feito foi, o Rei de todos os españois. Sen o seu impulso e liderado, a transición non tería sido posible e, grazas á súa contribución, España é hoxe un estado de dereito moderno e democrático, logrando altas cotas de benestar social.

Por todo o anterior, **ACORDAMOS:**

1º.- Expresar publicamente a nosa lealdade, afecto e gratitude a SS. MM. Os Reis, D. Juan Carlos e Dna. Sofía, pola súa entrega e adicación a España e aos españois durante o seu reinado.

2º.- Manifestar o noso apoio á institución da Coroa de España, ao actual Rei de España e ao futuro Rei D. Felipe VI, como garante da diversidade e unidade de España.

3º.- Apoiar a proclamación de D. Felipe VI como Rei de todos os españois.

4º.- Dar traslado deste Acordo á Casa Real e ás Cortes Xerais.

\*\*\*\*\*

**Sr. Alcalde.-** Si quere compartir cos demais as súas risas señor Dono pode compartilas co resto dos membros desta Corporación. Si non lle parece suficientemente serio este tema.

(ruído)

**Sr. Alcalde.-** Moi ben pois creo que debemos de manter o respecto i o decoro en unha institución como esta que debe representar os intereses de todos os estradenses, i creo que de momento aquí ninguén faltou ao respecto, ninguén sobre ningún contido de ningunha intervención feita polos demais grupos. Así que lle pido por favor que manteña formas si lles parece en unha sesión que eu creo que se ten que desenvolver con total normalidade. ¿Non sei se hai algunha intervención? ¿Ten señora Louzao? ¿Sí? Moi ben, si non hai ningunha outra moción de urxencia procedemos polo tanto a pasar á parte de Xestión e Control.

#### B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

##### 4º.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 529/2014, DE 7 DE MAIO, POLA QUE SE APROBA A LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL 2013.

**Sr. Alcalde.-** O punto número cuarto é dación de conta da Resolución de Alcaldía número 529/2014 de 7 de maio pola que se aproba a Liquidación do Orzamento municipal 2013.

Polo Sr. Alcalde dáse conta da Resolución da Alcaldía nº 529/2014, ditada con data 7 de maio de 2014, pola que se aproba a Liquidación do Orzamento municipal 2013 e o Remanente de Tesourería e que de seguido se transcribe:

*“No uso das facultades que me confire o artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo), e a Base 37ª das Bases de Execución do orzamento, e visto o informe emitido pola Intervención Municipal de 2 de maio de 2014, e axustada a súa obtención ó establecido pola normativa citada e polo RD 500/1990 RESOLVO:*

**PRIMEIRO:** Aprobar a Liquidación do orzamento municipal 2013, cuxo resultado orzamentario axustado é o seguinte:

1. Dereitos Recoñecidos Netos.	12.942.487,30.-
--------------------------------	-----------------



2. Obrigas Recoñecidas Netas.	13.293.584,57.-
3. Resultado Orzamentario (1-2).	-351.097,27.-
4. Desviacións Positivas. (-)	415.695,05.-
5. Desviacións Negativas. (+)	1.300.941,68.-
6. Gastos financiados con Remanente de Tesourería. (+)	670.412,29.-
7. Resultado Orzamentario Axustado (3-4+5+6).	1.204.561,65.-

**SEGUNDO:** aprobar o Remanente de Tesourería determinado polas seguintes magnitudes:

A.1.- DEREITOS PENDENTES DE COBRO-----	1.819.064,19
1. De Orzamento de ingresos. Orzamento corrente -----	366.031,01
2. De Orzamento de ingresos. Orzamento pechado -----	1.409.113,33
3. De Operacións non orzamentarias-----	50.087,75
4. MENOS. Ingresos realizados ptes. aplicación definitiva -----	(6.167,90)
A.2.- OBRIGAS PENDIENTES DE PAGO-----	1.789.274,58
1. De Orzamento de Gastos. Orzamento Corrente -----	1.231.706,15
2. De Orzamento de Gastos. Orzamento Cerrados-----	65.744,78
3. De outras Operacións non Orzamentarias-----	492.977,84
4. MENOS: Pagos pendentes de aplicación-----	(1.154,19)
A.3.- FONDOS LÍQUIDOS-----	1.690.748,61
1. En Caixa -----	641,02
2. En Bancos, contas operativas -----	1.483.396,83
3. En Bancos, contas restrinxidas recad.-----	206.710,76
4. Contas restrinxidas de pago -----	0,00
5. Contas financeiras -----	0,00
A.4.- REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL-----	1.720.538,22
A.5.1.- MENOS DEREITOS DE IMPOSIBLE OU DIFÍCIL RECADACIÓN-----	963.351,14
A.5.2.- MENOS EXCESO DE FINANCIAMENTO AFECTADO-----	153.360,92
A.6.- REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS-----	603.826,16

**TERCEIRO:** Da presente Resolución e dos estados de liquidación darase conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre e remitirase copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma, de conformidade co establecido no artigo 193.4 e 5 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.”

A Corporación queda sabedora.

**5º.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN SESIÓN DO 26 DE MAIO DE 2014, RELATIVO Á CORRECCIÓN DO ACORDO ACADADO NA SESIÓN DO 31-03-2014, POLO QUE SE SOLICITA Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR A TRANSFERENCIA FINALISTA PARA O COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL REGULADORA NO DECRETO 99/2012.**

**Sr. Alcalde.-** O punto número quinto é dación de conta do Acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 26 de maio de 2014, relativo á corrección do Acordo acadado na sesión do 31 de marzo de 2014 polo que se solicita á Consellería de Traballo e Benestar a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal, regulada no decreto 99/2012.

Polo Sr. Alcalde dáse conta do Acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 26 de maio de 2014, e que a continuación se transcribe:

**“N)** Pola Concelleira delegada de Benestar Social achégase proposta expresa de data 26-05-2014, relativa a corrección de erro no Acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 31-03-2014.

Visto o erro detectado no Acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 31-03-2014 (punto D dos de fóra da Orde do Día), polo que se acorda solicitar á Consellería de Traballo e Benestar transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios no ano 2014, no que se omiten as dúas últimas liñas do apartado 2º.

Visto que dito Acordo foi dado conta na sesión plenaria celebrada o 08-05-2014.

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Corrixir o Acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 31-03-2014 (punto D dos de fóra da Orde do Día), quedando o mesmo redactado do seguinte xeito:

**“1º.- Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal reguladora no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.**

**2º.- O importe total do financiamento solicitado, segundo se reflicte no resumo xeral do Anexo V unido ao expediente, é de 603.351,00 €, co seguinte detalle:**

- Persoal: 102.107,00 €

- Mantemento: 800,00 €

- Axuda no Fogar:

\* Modalidade de prestación básica do Plan Concertado: 46.400,00 €

\* Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 344.544,00 €

- Xestión de programas: 109.500,00 €

- Investimento: 0,00 €

**3º.- Declárase que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse nas mesmas condicións que no ano anterior.**

**4º.- Adóptase o compromiso de cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude de transferencia finalista correspondente ao exercicio 2014 na contía de 768.805,16 €, que supón unha porcentaxe de 56,03 € sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.**

**5º.- Dar conta ao Pleno da Corporación deste Acordo.”**

A Corporación queda sabedora.

**6º.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 30 DE ABRIL DE 2014.**

**Sr. Alcalde.-** O punto número seis é a dación de conta das Resolucións de Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 1 e o 30 de abril de 2014.

Polo Sr. Alcalde dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 1 e o 30 de abril de 2014, ambos os dous incluídos.

A Corporación queda sabedora.

**7º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

**Sr. Alcalde.-** E o punto número sete é o de rogos e preguntas. ¿Hai algún rogo, algunha pregunta? ¿Non sei si as persoas que están hoxe acompañándonos no salón de plenos ten algunha cuestión dentro do regulamento de participación cidadá? E se non hai ningunha cuestión, dándolle as gracias pola súa presenza levantamos a sesión, moitas gracias.

\*\*\*\*\*

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e unha horas corenta minutos.



A Estrada, 5 de xuño de 2014  
A SECRETARIA EN FUNCIONES,

Asdo.: M<sup>a</sup> Jesusa Fernández Bascuas

